

José Luis Fontenla Rodríguez

ABOGADO

Roma, 24 Febrero 1976

GENERAL MOLA, 17 - 1.ª PLANTA - APARTADO 12

TELÉFONO 85 22 79

PONTEVEDRA

HORAS DE CONSULTA: DE 10 A 2 - 5 A 7

Mr. D. Manuel Irujo  
París

Estimado don Manuel

Unas líneas apresuradas desde Roma para informarle que ya he hablado lo semana pasada con Alvario en Santiago de Compostela y que en principio operaría delegado para el Consejo Federal por Galicia en el interior. Alfonso Tubete de KAT, de nuestro Partido, y Domingo Domingo, amigo de Alvario. Posteriormente se cubrirán los puestos del exterior.

Aquí en Roma estoy luchando contra los centralistas de la plataforma de la convergencia y de la Junta Democrática para que admitan las nacionalidades pero me da mucho que usarlo se puede hacer con este gesto, a pesar de

que un artículo está en la plataforma.

Nuestro idea es reunir los Consejos de las Nacionalidades y elaborar una política común como la de Yoleuca.

Yo veo como vencer las resistencias de los centralistas, siempre incomprendidos respecto de las Nacionalidades.

Recibe un fuerte abrazo



10 Febrero 1976

Sr.D. Manuel de Irujo  
Paris

Querido don Manuel:


He estado hablando con amigos catalanes, valencianos y de su país en relación al Consejo Federal. Como quiera que tiene el máximo interés para nosotros, como ya le había señalado en otras ocasiones hace años, le agradecería nos facilitase información para poder entrar a formar parte del Consejo como miembros de pleno derecho tan pronto sea posible. Digo esto porque en su momento hablamos con algunos de Madrid por si fuera posible que estuviésemos presentes en lo de Bruselas pero se nos dijo que era por invitaciones personales y que nos darían más dates.

Cuando habíamos hablado de este tema creo recordar que habíamos hecho alusión a la posibilidad de que en el exterior representase a Galicia Alvajar y Madariaga, por lo menos en aquellas fechas ellos formaban parte del Consejo.

No se si sabrá que tenemos creado ya el Consello gallego, del cual le adjunto un texto, que será antecedente si es posible del Consello de Galicia como Gobierno Provisional en el momento oportuno. Por otro lado, con los restantes Consejos estamos intentando crear el Consejo Federal del Estado español como superación del tinglado centralista Plataforma-Junta, pues aunque formamos parte de la Plataforma creemos que ella no es operativa políticamente, mientras que los Consejos de las Nacionalidades pueden serlo y mucho, especialmente estructurados en Federación. De esto ya están informados los Consejos vasco, catalán y valenciano, estando pendientes los gallegos de reuniones próximas.

Podría servir el Consejo Federal del Exterior en algun modo también para consolidar esta operación. De momento lo que nos interesa es entrar a formar parte del y que nos diga como debemos solicitar el ingreso, si Alvajar podría continuar a representarnos fuera. etc. (Sobre esto le escribiré también a Alvajar, si no cambió de dirección).

Un fuerte abrazo de su amigo,



P.S.- Recuerdos a Azpiazu y demás amigos de ahí.

# O Consello de Forzas Políticas Galegas ao Povo Galego

37

## I

As organizacións abaixo firmantes coidan que é imposible acabar en Galicia unha Sociedade verdadeiramente democrática sen unha estratexia unitaria que formule, cara a ruptura, democrática unha alternativa política autenticamente galega, é dicir, pensada e formulada desde Galicia e desenvolada por e para o Povo Galego. Sexan cuáis foran os procesos políticos concretos inmediatos que incidan no País Galego, e aínda sen esquecermos o papel condicionante que desempeña o Estado español unitario, colonialista e hoxe por hoxe institucionalmente antidemocrático e feixista, Galicia precisa de unha estratexia política propia encamiñada á ruptura que abra o vieiro da Liberdade e da Xusticia para o noso Povo.

Esa estratexia, pola súa propia índole e mais polos obxetivos que está chamada a acadar, non pode ser elaborada e conducida por calquera Forzas Políticas presentes en Galicia.

Somente aquelas que dispoñan de autonomía indispensable e que, ademais, estexan dispostas a pór esa autonomía ao servizo desa estratexia de alternativa democrática galega, poden estar en condicións obxetivas valedoras para elaborala e lle dar vida na praxis política.

Compre, no actual intre político, que as Forzas Políticas Galegas que reunan esas condicións creen sen demora o órgano unitario capaz de elaborar a devandita alternativa estratéxica para o noso Povo. Velá por qué as organizacións políticas abaixo firmantes crean o CONSELLO DE FORZAS POLITICAS GALEGAS como órgano unitario que traballará pola instauración da Democracia en Galicia, rexeitando calquer caste de sistema político que non proceda da soberanía popular e que nos estexa fundamentado nos seus intereses.

O CONSELLO DE FORZAS POLÍTICAS GALEGAS entende que a ASSEMBLEIA NACIONAL POPULAR GALEGA xa é unha alternativa democrática non partidaria de institucionalización dun poder popular galego, e por iso, desde este intre, fai recoñecemento público do seu apoio á mesma. Mas, non por iso estima que sexa menos necesaria a plataforma interpartidaria que xurde coa creación do CONSELLO DE FORZAS POLITICAS GALEGAS.

## II

O CONSELLO DE FORZAS POLÍTICAS GALEGAS considera presupostos básicos e imprescindibles para a apertura do proceso democrático en Galicia os seguintes:

1. Libre autodeterminación á que Galicia ten dereito como Povo.
2. Goberno Provisorio Galego que encetará o proceso constituinte e convocará oportunamente eleccións libres, adoptando previamente toda clase de medidas necesarias para garantir a defensa dos intereses do Povo Galego.
3. A implantación inmediata das liberdades democráticas de expresión, xuntanza, asociación, sindicación, manifestación, folga e cantos dereitos do home se recoñecen nas Declaracións internacionais, así como a amnistia para os presos e esiliados políticos.
4. A adopción de medidas políticas, económicas, sociais e culturais que garanten singularmente os intereses das clases traballadoras e do Povo Galego en xeral, a través do pertinente programa que o Goberno Provisorio há pór en práctica.
5. O recoñecemento oficial do idioma galego a todos os efectos, establecéndose a normalización da lingua a todos os niveis.
6. O novo artellamento do Estado español, de xeito que o Goberno Provisorio Galego ha participar no proceso constituinte que artelle un Estado Federal ou Confederal, no que as atribucións e competencias queden garantizadas en plano de igualdade.

## III

O CONSELLO DE FORZAS POLITICAS GALEGAS asumirá a representación da alternativa democrática galega, sen perxuro das alianzas que existan con diferentes organizacións políticas dos Povos do Estado español, que non poderán atentar contra os principios deste Pacto.

O CONSELLO DE FORZAS POLITICAS GALEGAS dará acollida como membros seus ás organizacións políticas partidarias dispostas a asumir a alternativa estratéxica que representa e que, en consecuencia, suscriban os principios deste Pacto político, comprometéndose a observalos na praxis democrática.

O CONSELLO DE FORZAS POLITICAS GALEGAS funcionará mediante unha Comisión Permanente con participación paritaria das organizacións membro.

A Comisión Permanente elaborará os pertinentes Comunicados e Decleracións políticas ao país.

A CONSELLO DE FORZAS POLITICAS GALEGAS adoptará as súas decisións por unanimidade.

Galicia, 5 de Xaneiro de 1976.

PARTIDO GALEGO SOCIAL DEMOCRATA  
PARTIDO SOCIALISTA GALEGO  
UNION DEMOCRATICA GALEGA (Pendente de ratificación)  
UNION DO POVO GALEGO